[MVAG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **7 de marzo de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias
(Presidenta)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de María Deza Martínez)
(Vicepresidenta en funcións)
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
Óscar Insua Lema
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
José Daniel Pérez López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López

Comparecentes:
Director xeral de Comercio e Consumo
Director xeral de Planificación Enerxética e Minas
Directora xeral de Administración Local
Directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
Secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético
Directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes sustitucións.

Logo da constatación deste e antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, a presidenta amosa unhas verbas de lembranza á figura da alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, falecida recentemente, e traslada as condolencias á familia aos compañeiros do G.P. dos Socialistas de Galicia e amizades da finada.

Deseguido e, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que integran o punto único da orde do día, consistente en tramitar en quinto lugar a pregunta doc. núm. 20042 (1.6) e en último lugar a doc. núm. 19804 (1.5). Non se manifestan obxeccións ao respecto.

Punto 1. Preguntas

1.1 15740 (12/POC-002415)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis
Sobre o balance das diferentes convocatorias do Bono Activa Comercio neste ano 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P**), quen procede á defensa e formulación da súa iniciativa ampliando os argumentos amosados por escrito e publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En nome da Xunta de Galicia pasa a dar resposta a esta pregunta o **director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro,** logo de sumarse ás condolencias polo falecemento da alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos.

En rolda de réplica a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P),** agradece a resposta do director xeral, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén Castro**, ampliando a información aportada na súa anterior intervención.

A Presidencia agradécelle ao señor Alén Castro a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

1.2 15989 (12/POC-002516)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre a valoración que o Goberno galego realiza do proceso de transición

PARLAMENTO DE GALICIA

enerxética en relación co sector do transporte, así como sobre o balance que realiza do programa Moves III e do Plan Renova o teu vehículo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, quen motiva as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na iniciativa e que están publicadas no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria), Pablo Fernández Vila.**

Na rolda de réplica o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P**), agradece a información recibida que comenta con novas consideracións ao respecto.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, ampliando a información referida na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Fernández Vila nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

A Presidencia suspende a sesión ás 11.20 horas, mentres non se incorpora á Comisión o representante da Xunta de Galicia encargado de dar resposta a seguinte pregunta da orde do día.

Reiniciada a sesión ás 11.30 horas, procédese ao trámite da terceira pregunta da orde do día.

1.3 16674 (12/POC-002789)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o acceso á información relativa a subvencións da Xunta de Galicia para mobiliario e equipamento destinado a asociacións veciñais, a natureza destas axudas, as contías e os departamentos outorgantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 143f1, do 23.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Méndez López, Lara (S)**, quen, logo de agradecer, en nome do seu grupo, as condolencias amosadas polo falecemento da súa compañeira Paula Alvarellos, lamenta a moción de censura que se está a levar a cabo nestes momentos no Concello de Viveiro a outra compañeira do G.P. dos Socialistas de Galicia, María Loureiro, pasando a continuación a expoñer as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **directora xeral de Administración Local (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Natalia Prieto Viso.**

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica a **señora Méndez López, Lara (S)**, amósase crítica coa intervención da señora Prieto Viso e solicita unha maior concreción nalgunhas das cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto Viso,** que logo de rebater moitas das afirmacións realizadas pola señora deputada, reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza da directora xeral de Administración Local nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.4 17039 (12/POC-002920)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a previsión temporal que ten o Goberno galego para o remate da tramitación do proxecto de construción do parque empresarial da Miñata, en Coristanco, e o investimento que se prevé destinar á devandita infraestrutura en 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f2, do 28.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Iglesias Rey, Patricia (S)**, quen, logo de agradecer tamén as condolencias amosadas polo falecemento da alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, súmase ao manifestado pola súa compañeira Lara Méndez sobre a moción de censura que se está a levar a cabo no Concello de Viveiro por parte do Partido Popular, o que considera un comportamento caciquil. Deseguido procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Para contestar a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial (Consellería de Economía e Industria) Margarita Ardao Rodríguez.**

En rolda de réplica a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora Ardao Rodríguez.

A **directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao Rodríguez**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a preguntante na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza da señora Ardao Rodríguez nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

Solicita a palabra o señor Lorenzo Gómez, Rubén (P), para pedir que se retire a expresión referida ao seu grupo de "comportamento caciquil", pois considera que as mocións de censura son perfectamente legais, ao que se nega a señora Iglesias Rey e insiste en manter o manifestado. Ante esta situación a Presidencia pide respecto e que non se utilicen expresións que poidan afectar ao decoro institucional.

1.6 20042 (12/POC-003339)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 2 máis
Sobre a situación do centro especial de emprego Ilunion Servicios Industriales e as medidas levadas a cabo polo Goberno galego para reverter a situación laboral do seu persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f3, do 19.02.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora González Iglesias, Carmela (BNG)**, que comeza a súa intervención trasladando as condolencias do seu grupo á familia, aos compañeiros do G.P. dos Socialistas de Galicia e amizades da finada alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, para a continuación expoñer os motivos nos que basea a formulación da pregunta que figura no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle a **directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) Marta Mariño Regueiro.**

En rolda de réplica a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** agradece a concreción da resposta sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño Regueiro,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Mariño Regueiro cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.5 19804 (12/POC-003305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 3 máis
Sobre o mantemento do emprego e da actividade industrial vinculada aos aproveitamentos hidroeléctricos do Xallas e o cumprimento por parte da empresa Xeal das cláusulas da concesión e da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f3, do 19.02.2025

O **señor Insúa Lema, Óscar (BNG),** expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

PARLAMENTO DE GALICIA

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (Consellería de Economía e Industria), Nicolás Vázquez Iglesias.**

Na rolda de réplica o **señor Insúa Lema, Óscar (BNG)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor Vázquez Iglesias e incide na importancia dalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, Nicolás Vázquez Iglesias,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a presenza do señor Vázquez Iglesias e a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:40 horas.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.04.21 12:30:54 +02'00'

V. e pr.
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Ramón Fernández Alfonzo

Firmado digitalmente por Ramón Fernández Alfonzo
Fecha: 2025.04.21 11:17:37 +02'00'

Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Secretario da Comisión